

RESOLUCIÓN DECANAL POLA QUE SE PROCEDE Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E ACADÉMICAS NA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA NO EXERCICIO 2025

ANTECEDENTES

Segundo o disposto no artigo 7 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), as e os membros da comunidade universitaria teñen dereito a organizar, promover e participar en actividades formativas e culturais, así como a utilizar as instalacións e servizos universitarios de acordo coas normas reguladoras do seu uso e os regulamentos que aproben os órganos de goberno.

Segundo o disposto no preámbulo do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Xeografía e Historia da USC (en diante, Facultade), os órganos de goberno desta Facultade, na procura dunha vinculación máis real coa situación social e cultural de Galicia, da Península Ibérica, de Europa e do resto do mundo, entenden como unha das súas obrigas a defensa e fomento de cantas actividades potencien o coñecemento e toma de conciencia dos valores culturais e dos caracteres que lle son propios como tal comunidade.

Segundo o mesmo Regulamento, a Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil da Facultade ten, entre as súas competencias, a de buscar as formas de completar os títulos impartidos na Facultade promovendo a difusión de coñecementos, as prácticas de transferencia e os usos sociais tendentes a mellorar as experiencias dos estudiantes.

Tendo en conta as ditas previsións normativas, considérase que, para dinamizar a vida da Facultade, é necesario que os seus membros sexan os protagonistas no deseño e execución de actividades que estean ligadas aos intereses do seu estudiantado.

É obxecto desta resolución establecer as bases que rexerán a convocatoria de axudas dirixidas as e aos membros da Facultade para o deseño e execución de actividades culturais e académicas nas que a comunidade estudiantil participe de forma activa e directa.

Por todo o anterior, resólvese:

Aprobar a convocatoria para o financiamento de actividades culturais e académicas para o ano 2025, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Obxecto das axudas

1.1 O obxecto desta resolución é establecer as bases para a concesión das axudas da Facultade de Xeografía e Historia da USC para o desenvolvemento de actividades culturais e académicas no centro, e convocar estas axudas para o exercicio 2025.

1.2 Para os efectos desta convocatoria, enténdese por actividade aquela actuación de dinamización organizada de carácter cultural e/ou académico, que sexa proposta por un membro da Facultade.

1.3 Quedan excluídas as actividades presentadas ou organizadas directa ou indirectamente en nome de sindicatos e/ou partidos políticos, así como as actividades realizadas en nome de colectivos non universitarios.

Segunda. Crédito orzamentario e contía estimada das axudas

A dotación efectúase no crédito asignado á Facultade, cunha contía de **3000 euros**.

Dita cantidade repartirase entre tantas solicitudes como sexa posible ata fin de orzamento e seguindo a puntuación acadada consonte aos criterios de valoración e baremación que establece esta convocatoria. E de ser moitas as que solicitan a axuda **cun maximo de 500 euros por actividade**

Terceira. Destinatarios das axudas

Poderá beneficiarse destas axudas calquera membro da Facultade (estudiante, PDI ou PAS) que propoña unha actividade de carácter cultural e/ou académico e que cumpra os requisitos recollidos na base cuarta.

Cuarta. Requerimentos

Só serán admitidas as solicitudes que cumpran os seguintes requisitos:

4.1 Deberá realizarse unha solicitude por actividade.

4.2 As solicitudes deberán ser presentadas polo/a organizador/a da actividade, que será tamén a persoa encargada da execución da mesma.

4.3 A actividade debe adecuarse ao obxecto desta convocatoria, estar aberta á participación de toda a cidadanía e cumplir coa lexislación vixente en materia de convivencia.

4.4. A actividade debe empregar a lingua galega na súa difusión.

4.5. A actividade deberá executarse respectando a vida académica que se desenvolve dentro do edificio, os días e horarios establecidos de apertura e peche das instalación e a normativa de xestión de espazos da USC.

4.6. As actividades seleccionadas deberán executarse antes do **31 de outubro de 2025**, agás causa de forza maior debidamente xustificada na solicitude.

Quinta. Solicitudes: contido, lugar e prazo de presentación

5.1. **Contido** Documento de información sobre a actividade e a persoa organizadora en formato PDF (Anexo 1).

5.2. **Lugar:** As solicitudes enviaranse por correo electrónico ao Decanato da Facultade (xeohistoria.decanato@usc.gal) especificando no asunto “Convocatoria de axudas para actividades culturais e académicas na Facultade no exercicio 2025”.

5.3 Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes ao Decanato abranguerá dende o día seguinte á publicación da convocatoria na intranet da Facultade ata o **30 de setembro 2025**

Sexta. Comisión avaliadora

A comisión avaliadora estará conformada por os membros da Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil da Facultade.

Sétima. Criterios de valoración e baremación

Os criterios de valoración e baremación das solicitudes son os seguintes:

Calidade e adecuación da actividade ao obxecto da convocatoria	40 puntos
Impacto potencial da actividade na comunidade estudiantil da Facultade	20 puntos
Apoio do estudiantado e implicación na organización da actividade	20 puntos
Adecuación do orzamento solicitado á actividade	20 puntos

Oitava. Prazo de resolución e publicación

O prazo máximo de resolución será de sete (7) días hábiles, contados a partir do día de remate de presentación de solicitudes. Publicarase unha resolución provisional coa lista daquelas actividades seleccionadas que obtivesen maior puntuación e na que se indicará un prazo de alegacións de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación na intranet da Facultade, así como na páxina web.

Unha vez rematado o dito prazo e revisadas as alegacións, o Decanato publicará a lista definitiva coas actividades adxudicadas e os beneficiarios das correspondentes axudas. A lista definitiva das actividades seleccionadas publicarase na intranet da Facultade, así como na páxina web.

Novena. Aceptación e seguimento das axudas

9.1 Cada actividade deberá ser presentada polo/a organizador/a da mesma, que será a persoa encargada de realizar todos os trámites pertinentes co Decanato da Facultade con respecto á presentación da solicitude, execución e, de ser preciso, xustificación da actividade.

9.2 Calquera modificación substancial do programa orixinalmente aprobado deberá ser comunicado ao Decanato da Facultade solicitando a necesaria autorización para proceder con ela.

9.3 Na difusión das actividades farase constar que foron financiadas ou cofinanzadas pola Facultade de Xeografía e Historia.

9.4 O Decanato de Facultade reservarase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude de axuda, verificar a realización das actividades financiadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

Décima. Tipo de pagamento e xestión económica

A financiación das actividades farase a través do pagamento por parte da Facultade dos distintos conceptos mediante a correspondente folla de pedimento. Para a súa correcta tramitación:

*Se o pagamento é a unha empresa (ex.: por servizos de impresión), a persoa organizadora da actividade debe:

- Confirmar previamente que a empresa acepta o cobro mediante folla de pedimento.
- Enviar por correo electrónico ao Decanato os datos de contacto da empresa e o(s) correspondente(s) presupuesto(s) ou factura(s) proforma.

*Se o pagamento é a unha persoa (ex.: por unha conferencia), a persoa organizadora da actividade debe:

- Enviar por correo electrónico ao Decanato o nome, apelidos, DNI e certificado de conta bancaria non máis antigo a un ano da persoa beneficiaria.

As actividades deberán estar completamente terminadas o **10 de novembro de 2025**, agás aqueles casos debidamente xustificados na solicitude e aprobados na resolución das axudas.

Undécima. Incidencias

O Decanato resolverá as consultas, dúbidas ou incidencias que se produzan na aplicación desta convocatoria a través de xeohistoria.decanato@usc.gal

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O decano

Antonio Míguez Macho

ANEXO 1

INFORMACIÓN SOBRE A ACTIVIDADE	
Nome da actividade	
Obxectivos	
Descripción da actividad (debe incluír tamén información sobre horas, datas e lugares; implicación do estudiantado na organización; medios de difusión previstos). <u>Extensión máxima: 2000 caracteres con espazos.</u>	
Orzamento estimado de gastos previstos (debe incluír os conceptos e importes previstos para cada un). Engádanse un número por concepto segundo sexa necesario. <ol style="list-style-type: none"> 1. 2. 3. 	
INFORMACIÓN SOBRE A PERSOA ORGANIZADORA	
Nome e apelidos	
Enderezo electrónico	
Teléfono de contacto	
Categoría (Estudante, PDI, PTXAS)	

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO MIGUEZ MACHO, DECANO A DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/09/2025 14:39:49.

CSV: 2116-C876-44A8-8EA9